



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O
CONSELLO REGULADOR DA D.O.P. MEXILLÓN DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA
DA COMERCIALIZACIÓN DO MEXILLÓN CERTIFICADO D.O.P. NO ANO 2022

En Santiago de Compostela , o día 6 3 XAN 2022 , na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS

 Dunha parte, Dona Mercedes Rodríguez Moreda, en calidade de directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a ORDE do 8 de setembro de 2017, da mesma consellería, publicada no DOG núm. 180, 21 de setembro, e de conformidade co Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

 E doutra, Dona Adelina María Solla Sanmartín, con DNI n.º 35.308.842R, en representación do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia de acordo coa Orde do 17 de novembro de 2020 pola que se nomean o presidente e os vicepresidentes do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia, tras o proceso electoral convocado mediante a Orde do 8 de xullo de 2020, e coas facultades recoñecidas na Orde do 20 de marzo de 2019 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e o seu Consello Regulador.





EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade. Neste senso, no apartado d) do artigo 97 da lei 11/2008, de pesca de Galicia, establece que a política da Comunidade Autónoma de Galicia terá como obxectivo en relación coa comercialización, a transformación e a promoción dos produtos pesqueiros a promoción dos produtos de alta calidade para mercados altamente especializados.





TERCEIRO:

O Regulamento (UE) núm. 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, dentro do Eixo 5, e no artigo 68, recolle que o FEMP poderá apoiar medidas de apoio á comercialización e á transformación (Medida 5.1.3. Medidas de comercialización), encamiñadas a aplicar unha política de calidade e valorización.

Á Consellería do Mar correspóndelle a realización de accións de promoción dos produtos da pesca e da acuicultura así como a realización de accións que fomenten as denominacións de orixe e os distintivos de calidade, por isto é consciente de que a valorización dos produtos do mar por parte dos consumidores finais constitúe un dos principais eixes da política de mellora de comercialización pesqueira, xa que logo, repercute directamente sobre a demanda deses produtos.

Neste sentido, e dentro do marco de actuacións da Consellería do Mar, figuran como accións fundamentais deste proceso a participación e colaboración da consellería con entidades significativas que teñan como finalidade dar a coñecer, entre outros, os produtos procedentes da acuicultura.

CUARTO:

Que o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia é órgano de xestión e control da dita denominación, de acordo co disposto no Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios; na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; e no Regulamento (CE) nº 1050/2007 da Comisión Europea polo que se inscribe no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas da Unión Europea a denominación Mexillón de Galicia. Polo tanto é a única entidade capacitada para executar tanto investimento material como o inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrência competitiva con ningunha outra.

Que por canto a Consellería do Mar e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia están interesados na potenciación do sector da acuicultura, tanto dende un punto de vista da obtención de produtos certificados no ámbito da produción primaria como do sector transformador destes produtos, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven del, polo que





cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións que repercutan nunha mellora da comercialización e accións de promoción destes produtos de alta calidade.

QUINTO:

Que as partes anteriormente referenciadas, consideran de mutuo interese a realización dunha serie de accións que redunden nunha mellora do sector acuícola e das industrias relacionadas en materias tales como comercialización, promoción e fomento do consumo de produtos certificados.

SEXTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e Consello Regulador do Mexillón de Galicia para a coordinación de accións que redunden na mellora da comercialización do mexillón certificado, así como accións de promoción. As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1 DESENVOLVEMENTO DE SOFTWARE PARA O SISTEMA DE CONTROL E CERTIFICACIÓN

O proxecto consistirá na mellora do software que garante a rastrexabilidade dos produtos, as súas características en orixe e a súa certificación baixo o selo DOP Mexillón de Galicia, abarcando os ámbitos de xestión e certificación de xeito que se poidan emitir informes estatísticos de





producción, por zonas, meses, calidade, destino de comercialización de produto certificado,... coas que poder cumprimentar os formularios requiridos polas autoridades competentes.

Para realizar o proxecto contratarase unha empresa experta en software que se encargue da programación necesaria para complementar a plataforma de xestión e control e certificación.

2 AUTOMATIZACIÓN DO PROCESO DE COCCIÓN NO SISTEMA DE CERTIFICACIÓN DA DOP MEXILLÓN DE GALICIA

Trátase dunha acción coa que robustecer o proceso de certificación da DOP Mexillón de Galicia. Coa acción búscase a maneira de replicar en forno de vapor eléctrico os parámetros do procedemento de cocción de mexillón actualmente realizado con olas a presión así como fixar a estandarización do novo procedemento e formar aos técnicos de control e certificación neste novo procedemento. Este desenvolvemento promoverá igualmente o cambio ao uso de enerxía eléctrica procedente de recursos renovables deixando de consumir enerxía procedente de combustibles fósiles co que axudaremos na protección do medio ambiente.

3 PROMOCIÓN DOS PRODUTOS DE MEXILLÓN DE GALICIA

O Consello Regulador está integrado por produtores e empresas elaboradoras e transformadoras que comercializan os produtos elaborados con Mexillón de Galicia en variedade de formatos, fresco, conserva, cocido, conxelado, pasteurizado,...coa súa propia marca comercial ao amparo do selo DOP ofrecéndolles aos seus clientes un valor engadido que garante a orixe e unha calidade superior do produto máis representativo da despensa mariña galega. Nestes dous últimos anos debido á COVID 19 reduciuse a demanda de Mexillón de Galicia minorando tamén os ingresos dos axentes do sector.

Con esta acción espéranse acadar os seguintes obxectivos:

- 1-Facilitar ás empresas comercializadoras de produtos de mexillón amparados con selo DOP o acceso e/ou a penetración en mercados, aumentando a visibilidade de eses produtos e permitindo incrementar o nivel de demanda dos mesmos xerando máis ingresos para as empresas.
- 2-Aumentar o coñecemento e recoñecemento do Mexillón de Galicia.
- 3-Aumentar a cantidade que están dispostos a pagar profesionais e consumidores finais por produtos de Mexillón de Galicia.

Para levar a cabo este evento contratarase unha empresa de xestión de eventos que se encargue





da coordinación de dúas accións en 2022, dende a inscrición das empresas interesadas, a contratación do lugar idóneo para levar a cabo a acción, ou a xestión de invitados.

4 AXENDAS 2023

Para o novo ano, editaranse axendas personalizadas como un agasallo promocional xa que así a marca permanecerá presente os 365 días do ano. Os presentes promocionais son unha estratexia de Marketing que non pasa de moda pero a clave para que sexan aínda máis efectivos é que resulten útiles no día a día. Ademais, na era dixital, marca maior conexión co receptor.

A calidade xoga un papel fundamental á hora de elixir un regalo promocional pois por exemplo, se é útil, funciona ben e é duradeiro creará unha sensación de benestar arredor da nosa marca. Citas, trucos, recomendacións relacionadas coa nosa marca, co Mexillón de Galicia, información sobre o sector, receitas,... axudarán a mellorar a visibilidade ao igual que o deseño natural, atractivo e coas cores corporativas.

Editaranse 700 unidades que serán remitidas a axentes do sector, profesionais da distribución, representantes da administración, xornalistas,...

5 MOSTRA EXCLUSIVA DE MEXILLÓN DE GALICIA FRESCO

A DOP busca en todas as súas accións promocionais o incremento da identificación e recoñecemento do seu selo así como a mellora da valorización de Mexillón de Galicia no mercado. O coñecemento e recoñecemento do selo por consumidores e profesionais é básico para fortalecer a DOP Mexillón de Galicia como distintivo de calidade e orixe e por extensión, aos seus integrantes, produtores e empresas depuradoras e transformadoras. Por un lado, protexe os postos de traballo dos axentes do sector que se esmeran por acadar un produto e alimento de altísima calidade, de proximidade, cultivado de forma única, natural e sostible que xera riqueza no entorno local e arraiga poboación aos territorios onde se cultiva. Sen esquecer por suposto, a protección ao consumidor grazas á información clara e veraz que ofrece un produto con este distintivo.

Neste senso, achegaranse a representantes da gran distribución, xornalistas, representantes de administracións,... unha caixa cunha bandexa de 1 quilo de Mexillón de Galicia fresco. En total serían 150 envíos.





6 NUTRICIÓN

O proxecto daralle continuidade as accións desenvolvidas no marco do convenio de 2021, co obxectivo de determinar o perfil nutricional e propiedades saudables do Mexillón de Galicia. Analizaranse as mostras de mexillón recollidas durante a campaña de fresco iniciada en 2021, determinándose os nutrientes mais salientables desde o punto de vista nutricional. Valorarase igualmente a flutuación da composición do mexillón segundo a época do ano.

7 CALENDARIO 2023

Deseñárase un calendario de sobremesa 2023 como recordatorio diario de Mexillón de Galicia como produto, alimento e marca.

O calendario en formato PDF colgarase na época de Nadal en redes sociais e se editarán 2.100 exemplares para o envío a produtores, elaboradores e comercializadores de mexillón en Galicia así como cociñeiros, centros de formación de hostalería, representantes de administracións autonómicas, provinciais e locais, persoas relacionadas coa cultura, a sociedade e a economía, galega, consellos reguladores, universidades, centros de investigación, etc.

8 FELICITACIÓN DE NADAL

A felicitación de Nadal é un clásico que non se pode esquecer. Esta Felicitación de Nadal é un chisco á tradición, ao natural, ao ben feito, calidades en total consonancia coa esencia do cultivo do Mexillón de Galicia. Farase un deseño da felicitación en formato PDF e 3D para colgala nas redes sociais e chegar ao maior número de destinatarios posible.

9 PROMOCIÓN EN PRAZAS DE ABASTOS

O punto de venda é o lugar onde se atopa o Mexillón de Galicia, e podemos atopar ao posible consumidor de Mexillón de Galicia. Tendo en conta que unha elevada porcentaxe das decisións de compra se toman no punto de venda, é axeitado realizar unha promoción no punto de venda. A saturación dos medios convencionais e dos soportes dixitais deixan unha oportunidade excelente a este tipo de accións, como forma de chegar ao noso público obxectivo. As promocións no punto de venda permiten ás marcas captar novos clientes, manter aos existentes e aumentar a súa notoriedade, diferenciándose da competencia e creando unha vantaxe competitiva. Ademais, permiten crear vínculos emocionais entre o consumidor e a marca.





Encadrase a promoción en 5 prazas de abastos das 5 principais cidades galegas. Nesta acción o consumidor achégase á marca: ve e proba. Desta forma, é máis fácil instalarnos na súa *top of mind* para que nos lembre e asocie a unha sensación. Trátase de captar a súa atención e que viva unha experiencia inesquecible.

10 MOSTRA EXCLUSIVA DE MEXILLÓN DE GALICIA EN CONSERVA

Para potenciar a marca Mexillón de Galicia e fortalecer a DOP Mexillón de Galicia, e en consecuencia protexer os axentes que a integran, achegarase a representantes da gran distribución, xornalistas, representantes de administracións, restauración,... un lote de 3 conservas da edición exclusiva de Mexillón de Galicia en escabeche. Serán 150 envíos, polo que ascenderán a 450 mostras.

Esta acción inclúe a impresión dos estoxos, o transporte dos mesmos ata a empresa elaboradora da conserva, a elaboración de 450 unidades, o estoxado, a embalaxe e os 150 envíos aos destinatarios.

11 HISTORIA GRÁFICA MEXILLÓN DE GALICIA PARA REVISTA

Dentro da revista Mexillón de Galicia, que se edita con carácter trimestral, incorporárase unha nova sección semestral na que un ilustrador amose de forma totalmente gráfica e con ton de humor as características que fan único a Mexillón de Galicia.

O ton humorístico permitirá que as persoas destinatarias da revista asocien unha sensación agradable á marca Mexillón de Galicia, ademais de facilitar a transmisión de boca en boca da ilustración e incluso a divulgación por redes sociais. Tamén, perdurará nos axentes do sector un sentimento de orgullo de formar parte da gran familia Mexillón de Galicia.

12 DEGUSTACIÓNS EN EVENTOS DEPORTIVOS

Mexillón de Galicia é un alimento cheo de bondades nutricionais que resulta ideal dentro dunha dieta san e equilibrada. Os profesionais de distintas disciplinas deportivas valoran positivamente este tipo de dietas polo que consumen alimentos como o Mexillón de Galicia polas proteínas, sales minerais, ou Omega 3 que lles aportan para o desenvolvemento das actividades deportivas.





Un dos poucos clubs galegos que xogan en primeira división nacional é O Club Voleibol Boiro. Trátase dunha liga formada por 12 equipos polo que os partidos que xoguen na casa dos rivais resultan un escaparate fantástico para poder promocionar o Mexillón de Galicia a través de preparacións gastronómicas que poderán desfrutar os seguidores en 3 desprazamentos correspondentes a esta tempada que farán en 2022.

13 RECEITARIO CON ELABORACIÓNS DE CHEFS ESTRELLA MICHELÍN

Na revista trimestral de Mexillón de Galicia existe unha sección titulada A Cociña de Mexillón de Galicia, na que chefs galegos con Estrela Michelin asinaron unha receita elaborada con Mexillón de Galicia. Nesta acción editarase un receitairo con todas elas, tanto en formato dixital como en papel (200 unidades) para difundir como estes artistas culinarios son quen de elevar a niveis descoñecidos a un alimento extraordinario, o Mexillón de Galicia. Desta forma mostrarase a excelencia dun alimento que é único no mundo e a duns profesionais que situaron a cociña de Galicia entre as máis importantes de España.

14 BANCOS DE IMAXES E VÍDEOS PROMOCIONAIS

Nos últimos anos fomos observando unha evolución na forma de comunicarnos e de consumir contido. Primeiro dispoñíamos das típicas webs informativas, que pasaron a converterse en webs dinámicas ou blogs. Despois, promoveuse a compartición de contidos pasando do blog ao microblog. E é aquí onde aparece o Marketing visual, a forma de comunicación cos usuarios utilizando recursos gráficos e que é consecuencia do cambio experimentado no comportamento do consumidor, que favorece as imaxes, os vídeos e as infografías.

O ser humano ten a capacidade innata de procesar mellor e máis velozmente a información que lle chega de forma visual, polo que os consumidores reteñen e lembran, en maior medida, aquelas campañas que están apoiadas por fotografías ou outros recursos gráficos. Por outro lado, existe unha alta dependencia dos usuarios dos dispositivos móbiles, ferramentas nas que o contido visual é a linguaxe por excelencia. Co Marketing visual pódese por tanto transmitir a nosa mensaxe dunha forma emocional e atractiva.

Con esta acción preténdese achegar materiais as redes sociais e demais medios de comunicación internos e externos para divulgar en imaxes as características e bondades de Mexillón de Galicia como produto, alimento e marca.





15 MERCHANDISING MEXILLÓN DE GALICIA

Un dos beneficios do uso de *merchandising* como mecanismo de publicidade é que como marca temos un obxecto acorde ao que desexamos transmitir con ela e iso axuda a que o consumidor a lembre xa que xera un compromiso importante co usuario.

Esta actividade consistirá en elaborar material publicitario que se utilizarán como agasallos en eventos, feiras, charlas, obradoiros, etc. Isto permitirá reforzar Mexillón de Galicia como marca pero tamén axudará a incrementar a valoración de Mexillón de Galicia como produto e a aumentar o consumo deste magnífico alimento.

16 VISIBILIZACIÓN MEXILLÓN DE GALICIA EN CAMPO DE GOLF DE MEIS

Unha forma de promocionar o Mexillón de Galicia como alimento é vinculalo co seu entorno e nun marco de natureza, deporte e saúde. Neste senso, temos instalado 5 maquetas de bateas nos lagos do Campo de Golf de Meis no que os usuarios poden dar visibilidade ao Mexillón de Galicia nun ambiente relaxado, cordial e de disfrute, co que asociarán este alimento a esta sensación.

Esta acción permite manter dar visibilidade a marca Mexillón de Galicia a través das 5 maquetas de batea durante este ano 2022.

17 VISIBILIZACIÓN MEXILLÓN DE GALICIA NA TVG

A acción consiste no emprazamento de Mexillón de Galicia no programa da TVG "Estache Bo!", dentro da propia narrativa do mesmo co que permitimos dar visibilidade ao produto, alimento e marca nun dos programas máis vistos en Galicia.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar ao Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de cento corenta e nove mil euros (149.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 15.02.723B 640.0, código de proxecto 2016





00286 S, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

A tramitación do expediente é ordinaria e anticipada de gasto e a eficacia deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001 e existe crédito previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2022, aprobado o 18 de outubro de 2021 polo Consello da Xunta, e xustifícase porque é necesario empezar coas actuacións recollidas no presente convenio nos primeiros meses de 2022.

As actuacións recollidas no presente convenio (Anexo A) son financiáveis, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014, do 15 de maio. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

O Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Poderanse facer pagos parciais contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento presentarán a memoria final á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.





TERCEIRA.- OBRIGAS

O Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia obrígase a facer constar a participación da Consellería do Mar e do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio; así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abrangha todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais; deberá aportar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados o máximo posible. Así mesmo deberá presentar xustificantes de pago referidos as facturas e demais xustificantes de gastos aportados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo ao Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMENTO

Aos efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta polo xefe do Servizo de Mercados, en representación da Consellería do Mar, e pola responsable de Promoción do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.





Neste senso, o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

Será necesario que durante a execución das diferentes actividades a Consellería do Mar dispoña de toda a información dos eventos e que de o seu visto e praxe antes da súa realización.

SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura, no ano 2022 e ata o 30 de decembro de 2022, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

A tramitación do presente convenio é ordinaria e anticipada de gasto e existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2022, aprobado o 18 de outubro de 2021 polo Consello da Xunta, e xustifícase porque é necesario comezar coas actuacións recollidas no convenio nos primeiros meses de 2022. O desenvolvemento do presente convenio queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa execución.

NOVENA.- LITIXIOS

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.



DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.


E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

Polo Consello Regulador da DOP Mexillón de
GaliciaP.D. (Orde do 8-09-2017, DOG nº 180, do 21-
09-2017)

A presidenta

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

Mercedes Rodríguez Moreda

Adelina María Solla Sanmartín



Anexo A

ORZAMENTO ACTIVIDADES CONVENIO									
ACCIÓN	APORTACIÓN CONSELLO REGULADOR			APORTACIÓN CONSELLERÍA DO MAR			APORTACIÓN TOTAL		
	B.I.	I.V.E.	TOTAL	B.I.	I.V.E.	TOTAL	B.I.	I.V.E.	TOTAL
1-Desenvolvemento software sistema de control e certificación	25.531,32 €	- €	25.531,32 €	21.100,00 €	4.431,00 €	25.531,00 €	46.631,32 €	4.431,00 €	51.062,32 €
2-Automatización proceso de cocción no Sistema de Certificación da DOP Mexillón de Galicia	7.800,00 €	- €	7.800,00 €	6.500,00 €	1.365,00 €	7.865,00 €	14.300,00 €	1.365,00 €	15.665,00 €
3-Promoción produtos de Mexillón de Galicia	23.000,00 €	- €	23.000,00 €	19.240,00 €	4.040,40 €	23.280,40 €	42.240,00 €	4.040,40 €	46.280,40 €
4-Axendas 2023	18.100,00 €	- €	18.100,00 €	12.900,00 €	2.709,00 €	15.609,00 €	31.000,00 €	2.709,00 €	33.709,00 €
5-Mostra exclusiva de Mexillón de Galicia fresco	3.080,00 €	- €	3.080,00 €	2.734,50 €	536,35 €	3.270,85 €	5.814,50 €	536,35 €	6.350,85 €
6-Nutrición	4.070,68 €	- €	4.070,68 €	4.166,41 €	874,95 €	5.041,36 €	8.237,09 €	874,95 €	9.112,04 €
7-Calendario 2023	1.600,00 €	168,00 €	1.768,00 €	1.370,00 €	287,70 €	1.657,70 €	2.970,00 €	455,70 €	3.425,70 €
8-Felicitación de Nadal	800,00 €	- €	800,00 €	350,00 €	73,50 €	423,50 €	1.150,00 €	73,50 €	1.223,50 €
9-Promoción en prazas de abastos	26.000,00 €	- €	26.000,00 €	22.149,00 €	4.651,29 €	26.800,29 €	48.149,00 €	4.651,29 €	52.800,29 €
10-Mostra exclusiva de Mexillón de Galicia en conserva	5.700,00 €	- €	5.700,00 €	5.000,00 €	775,00 €	5.775,00 €	10.700,00 €	775,00 €	11.475,00 €
11-Historia gráfica Mexillón de Galicia para revista	1.500,00 €	- €	1.500,00 €	1.500,00 €	315,00 €	1.815,00 €	3.000,00 €	315,00 €	3.315,00 €
12-Degustacións en eventos deportivos	4.500,00 €	- €	4.500,00 €	3.240,00 €	680,40 €	3.920,40 €	7.740,00 €	680,40 €	8.420,40 €
13-Receitario con elaboracións de chefs Estrella Michelin	4.900,00 €	- €	4.900,00 €	4.040,00 €	848,40 €	4.888,40 €	8.940,00 €	848,40 €	9.788,40 €
14-Bancos de imaxes e vídeos promocionais	3.500,00 €	- €	3.500,00 €	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €	7.000,00 €	735,00 €	7.735,00 €
15-Merchandising Mexillón de Galicia	2.500,00 €	- €	2.500,00 €	2.210,00 €	464,10 €	2.674,10 €	4.710,00 €	464,10 €	5.174,10 €
16-Visibilización Mexillón de Galicia en Campo de Golf de Meis	1.000,00 €	- €	1.000,00 €	1.000,00 €	- €	1.000,00 €	2.000,00 €	- €	2.000,00 €
17-Visibilización Mexillón de Galicia na TVG	15.250,00 €	- €	15.250,00 €	12.600,00 €	2.613,00 €	15.213,00 €	27.850,00 €	2.613,00 €	30.463,00 €
Total	148.832,00 €	168,00 €	149.000,00 €	123.599,91 €	25.400,09 €	149.000,00 €	272.431,91 €	25.568,09 €	298.000,00 €

